

CONVOCATORIA DE BOLSAS DE FORMACIÓN EN BIBLIOTECONOMÍA 2022-2023.
INSTRUCCIÓN SOBRE EQUIVALENCIA DA NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO.

ANTECEDENTES

Primeiro. Mediante Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do 30 de decembro de 2021 (DOG núm. 23, do 03.02.2022) establecéronse as bases reguladoras das bolsas de formación en biblioteconomía e convocáronse para o período 2022-2023.

Segundo o seu artigo 14, para a adxudicación das bolsas teranse en conta os méritos acreditados polas persoas solicitantes, entre eles o expediente académico. A valoración deste realizarase multiplicando por 0,5 a nota media simple do título universitario con que concorre á bolsa, consonte a normativa sobre valoración de expedientes académicos da consellería competente na materia de ordenación universitaria (Resolución da Secretaría Xeral Técnica, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 15 de setembro de 2011; Diario Oficial de Galicia núm. 188, do 30 de setembro).

Mediante esta Resolución publicouse o Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos, en aplicación do disposto no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Este protocolo entrou en vigor coa súa publicación no DOG o día 30.09.2011.

Pola súa parte, o artigo 9.1 letra b) da Orde de bases reguladoras establece que as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude, entre outros documentos, certificación académica oficial completa, en que deberá constar a nota media do expediente académico da titulación na escala numérica 0-10.

Ante a posibilidade de concorrencia de persoas solicitantes con certificacións académicas obtidas con anterioridade á entrada en vigor do citado Protocolo de colaboración, cómpre establecer as equivalencias entre as notas medias certificadas conforme o Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, e as certificadas de conformidade coa normativa anterior (Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro).

Segundo. A disposición derradeira primeira da Orde de bases reguladoras faculta o secretario xeral de Cultura no ámbito das súas competencias, para ditar as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Por todo o anterior, dítase a seguinte INSTRUCIÓN:





Na valoración das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do 30 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación en biblioteconomía e se convocan para o período 2022-2023, terase en conta o seguinte:

A nota media global do expediente académico obtida con base na escala numérica de 0-4 do Anexo I do Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, será equivalente a outra nota media global, baseada na escala numérica de 0-10 do Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, segundo a seguinte táboa de conversión:

R.D. 1497/1987	R.D. 1125/2003
1	5
1,05	5,1
1,1	5,2
1,15	5,3
1,2	5,4
1,25	5,5
1,3	5,6
1,35	5,7
1,4	5,8
1,45	5,9
1,5	6
1,55	6,1
1,6	6,2
1,65	6,3
1,7	6,4
1,75	6,5
1,8	6,6
1,85	6,7
1,9	6,8
1,95	6,9
2	7
2,05	7,1
2,1	7,2
2,15	7,3
2,2	7,4
2,25	7,5

R.D. 1497/1987	R.D. 1125/2003
2,3	7,6
2,35	7,7
2,4	7,8
2,45	7,9
2,5	8
2,55	8,1
2,6	8,2
2,65	8,3
2,7	8,4
2,75	8,5
2,8	8,6
2,85	8,7
2,9	8,8
2,95	8,9
3	9
3,1	9,1
3,2	9,2
3,3	9,3
3,4	9,4
3,5	9,5
3,6	9,6
3,7	9,7
3,8	9,8
3,9	9,9
4	10

Santiago de Compostela,

O secretario Xeral de Cultura,
Anxo M. Lorenzo Suárez

